



Concello de Vilariño de Conso

ANUNCIO

Por medio do presente anunciase a convocatoria pública de axudas correspondentes ó programa “Axudas por nacemento e/ou adopción de fillos e fillas”, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 26 de setembro de 2023.

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria das “Axudas por nacemento e/ou adopción de fillos e fillas para o ano 2023”, por procedemento de concorrência, co texto íntegro que figura anexo ó presente.

SEGUNDO: Acordase aprobar o gasto de 3.600,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231/480 do orzamento de gastos do concello.

TERCEIRO: Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporciona, coa convocatoria e o seu extracto. Tras rexistrar a información a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

Beneficiarios das subvencións:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2023, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2023, sempre que cumpran os demais requisitos.
3. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2022, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
4. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2022, sempre que cumpran os demais requisitos.
5. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2021, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
6. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2021, sempre que cumpran os demais requisitos.





Concello de Vilariño de Conso

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Obxecto das subvencións: A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que teña lugar un nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro na unidade familiar, para contribuír a sufragar os gastos excepcionais que a nova situación implica. Tamén se persigue a promoción e dinamización do comercio local, e contribuír ao asentamento da poboación no noso Concello.

Bases Reguladoras: Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria pública no presente, e cuxo texto íntegro se contén en anexo ao mesmo.

Importe máximo: O importe máximo a percibir será de 500 €, para os nacementos, adopcións e acollementos de todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que se produciran neste ano (ano 2023), 300€, para os nacementos, adopcións e acollementos de todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que se produciran no ano pasado (ano 2022) e 200€, para os nacementos, adopcións e acollementos de todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que se produciran no ano 2021.

Prazo de presentación de solicitudes: Dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ata o 7 de Decembro de 2023.

CUARTO: As axudas previstas para os nacementos, adopcións ou acollementos do período comprendido de 1 de xaneiro a 30 de novembro de 2023, de outorgarse, serán únicas. E dicir, outorgarse exclusivamente unha única axuda polo importe que corresponda, segundo o previsto nas presentes bases, xa que non se prevé anualidades futuras (segundo e terceiro ano) como si se establecía en convocatorias anteriores.

QUINTO: Designase como órgano instrutor á Axente de Emprego do Concello de Vilariño de Conso.

En Vilariño de Conso,

A ALCALDESA

D^a. Melisa Macía Domínguez

A SECRETARIA-INTERVENTORA

D^a Ana Maria Loureiro Silva.

